

**ACTA DA REUNIÓN DE XUNTA DIRECTIVA ORDINARIA DA ASOCIACIÓN DE DESENVOLVEMENTO RURAL “MARIÑAS - BETANZOS”, CELEBRADA O DÍA 13 DE OUTUBRO DE 2014**

En Abegondo, a 13 de outubro de 2014 sendo as 19 horas, e presentes as persoas que a continuación indícanse, no Salón de Plenos do Concello de Abegondo.

**Asistentes:**

- D. Antonio Buyo Mosquera, en representación da *Mesa do sector agrario, gandeiro e cooperativo* (Asociación Sectorial de Viticultores e Adegoiros de Betanzos e Comarca).
- Dna. Catalina Rodríguez Rodríguez, en representación da *Mesa sectorial de Asociacións e Colectivos de mulleres* (AMFAR Cambre). Secretaria da Asociación.
- D. Javier Ascasibar Errasti, en representación da *Mesa sectorial de asociacións xuvenís e colectivos xuvenís* (Asociación Xuventude e Natureza).
- D. José Juan Rico Rodríguez, en representación da *Mesa sectorial de asociacións deportivas, recreativas, de veciños, culturais, Anpas* (Asociación Cultural Val de Aranga)
- D. Lois Anxo Ferreiro Bestilleiro, en representación da *Mesa sectorial de asociacións deportivas, recreativas, de veciños, culturais, Anpas* (Asociación Cultura Aberta de Carral).
- D. Ricardo Ferreiro Sanjurjo, en representación da *Mesa Sectorial Asociacións e colectivos medioambientais ou actividades na natureza* (Grupo Naturalista Habitat), acompañado polo Presidente do Grupo Santiago Vázquez.
- D. José Soto Martínez, en representación da *Mesa do sector de turismo e hostalería* (Asociación de Turismo Sostible de A Coruña).
- Dna. Aida Pérez Barredo, en representación da *mesa sectorial Asociacións de empresarios multisectoriais* (Asociación de Empresarios de Culleredo) e Tesoureira da Asociación.
- D. Juan Manuel Neira Fernández, en representación da *Mesa do sector institucional* (Sociedade Galega de Historia Natural).
- Dna. Carmen Borobio Vázquez, en representación da *Mesa do sector institucional* (Centro de Extensión Universitaria e Divulgación Ambiental de Galicia –CEIDA-)
- D. Ramón García Vázquez, Alcalde do Concello de Betanzos, en representación da *mesa sectorial das Administracións Locais*.
- D. Francisco Quintela Requeijo, Alcalde do Concello de Coirós en representación da *Mesa sectorial das Administracións Locais*.
- D. Javier Francisco Caínzos Vázquez, Alcalde do Concello de Curtis en representación da *Mesa sectorial das Administracións Locais*.

- Dna. Marta Iglesias Becerra, Concelleira de Promoción Económica e emprego do Concello de Culleredo, en representación da *mesa sectorial das Administracións Locais*.
- D. Rodrigo López Piquín, Concelleiro de Obras Públicas do Concello de Oleiros, en representación da *Mesa sectorial das Administracións Locais*.
- Dna. María José Crespo Fraga, en representación da *Mesa da pesca, marisqueo e acuicultura* (Confraría de Pescadores de Miño).
- D. Eulogio López Río, en representación da *Mesa de colectivos de interese social, discapacidade e ONG´s* (ASPACE).
- D. José Francisco Castro Vilariño, asesor externo da Asociación Mariñas – Betanzos.
- D. Jorge M. Blanco Ballón. Xerente Programa LEADER. GDR Mariñas – Betanzos.
- Dna. Concepción Bonome González. Técnica Programa LEADER. GDR Mariñas – Betanzos.
- D. Miguel Fernández Pardo. Técnico Asociación Mariñas – Betanzos
- Dna. Isabel Eiriz Naveira. Auxiliar Admvo. Asociación Mariñas - Betanzos
- D. Diego López Pedreira. Axente de Emprego e Desenvolvemento Local do Consorcio das Mariñas
- Dna. Beatriz Suárez Sánchez. Enxeñeira de Montes. Bolseira en prácticas da Universidade de Santiago de Compostela)

-----

A SESIÓN DESENVOLVEUSE, CO SEGUINTE RESULTADO:

Preside a reunión a tesoureira da Asociación, Dna. Aida Perez Barredo, actuando de secretaria Dna. Catalina Rodríguez Rodríguez

## 1. LECTURA E APROBACIÓN, DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR

Apróbanse as Actas anteriores do día 8 de xullo de 2014, e a enviada vía “correo electrónico” o día 11 de xullo de 2014, coa abstención do representante da Asociación Roxín Roxal, Sabela Pérez, por non estar presente na anterior reunión.

## 1.B. CONSIDERACIÓN SE PROCEDE DE ASUNTOS URXENTES QUE XURDIRON CON POSTERIORIDADE A ESTA CONVOCATORIA.

### 1.B.1. INFORME PROXECTOS APROBADOS POR AGADER NO PROGRAMA LEADER.

Os membros da Xunta Directiva acordan incorporar os seguintes asuntos nesta orde do día, recibidos con posterioridade ao envío da convocatoria.

### **1.B.1.1. CREACIÓN EMPRESA DE SERVICIOS AGRARIOS (L13-41300-29-0244)**

Con data 29 de agosto de 201, o promotor do proxecto, Carlos Mallo Ares, solicitou unha axuda para a creación dunha empresa de servizos agrarios.

O promotor do proxecto, Carlos Mallo Ares, é unha persoa física moza residente en Arteixo e menor de 30 anos que quere crear o seu propio emprego como autónomo adicándose a ofrecer servizos agrícolas ás explotacións agrarias. Servizos de sega, plantación, colleita de forraxes pratenses, ademais de limpeza de montes na estación invernal. O promotor estivo vinculado dende neno a unha explotación gandeira e agrícola e coñece as necesidades do sector.

Investimentos do proxecto: desbrozadora, tractor, segadora, rastrillo e arado.

Esta iniciativa encaixa na medida 413. II.-Creación, ampliación e modernización de PEMES.

Os investimentos deste proxecto ascenden a 160.377,01-€ (132.542,98 sen IVE).

Con data 07 de outubro de 2014, ten entrado no rexistro do GDR “Mariñas – Betanzos” Informe Favorable de AGADER, onde comunican que se procede á verificación do ICE deste expediente, para que o Grupo prosiga coa tramitación do expediente.

Este proxecto acadou un total de 50 puntos, correspondéndolle un 35% de axuda do Programa Leader que ascende a 46.390,04-€.

A Xunta Directiva acorda unha resolución favorable e que sexa remitida á Dirección Xeral de AGADER.

### **1.B.1.2. CREACIÓN MICRO-CERVEXERÍA ARTESÁN “EIRA DA PEREIRA”(L13-41300-29-0214)**

Con data 09 de xaneiro de 2013, M<sup>a</sup> Rosario Candela Iglesias solicita unha axuda para creación dunha micro-cervexería artesán “Eira da Pereira”

A promotora do proxecto, M<sup>a</sup> Rosario Candela Iglesias, ten adquirido coñecementos sobre a produción e comercialización da cervexa dende o ano 2011.

Este proxecto produtivo consiste na creación dunha cervexería artesanal en Betanzos, para su posterior comercialización en circuitos curtos (cervexerías, restaurantes, comercio electrónico, tendas gourmet...). Pretende elaborar principalmente unha cervexa tipo “Bitter Inglesa”, de malta de cebada e de estilo alemán con trigo, aínda que non descarta a posteriori crear outros tipos de cervexa. O territorio Mariñas-Betanzos estivo ligado historicamente ao cultivo do lúpulo para a elaboración de cervexa.

Por outra banda a elaboración desta cervexa artesán ligada ao territorio, pode representar unha oportunidade para a xeración de novas iniciativas ligadas á comercialización agroalimentaria, de produtos locais e diferenciados.

Os investimentos deste proxecto consisten no equipamento, maquinaria e adaptación do local. Esta iniciativa encaixa na medida 413. II.-Creación, ampliación e modernización de PEMES. Os investimentos deste proxecto ascenden a 18.963,70-€ (15.672,48.-€ sen IVE).

Con data 07 de outubro de 2014, ten entrado no rexistro do GDR “Mariñas – Betanzos” Informe Favorable de AGADER, onde comunican que se procede á verificación do ICE deste expediente, para que o Grupo prosiga coa tramitación do expediente. Este proxecto acadou un total de 60,66 puntos, correspondéndolle un 35% de axuda do Programa Leader que ascende a 5.485,37-€.

A Xunta Directiva acorda unha resolución favorable e que sexa remitida á Dirección Xeral de AGADER.

## **2.- SEGUIMIENTO PROGRAMA LEADER**

### **2.1. INFORME PROXECTOS PRESENTADOS AO PROGRAMA LEADER.**

A técnica de proxectos, toma a palabra para presentar aos asistentes as solicitudes de proxectos que teñen entrado no rexistro da Asociación Mariñas – Betanzos.

#### **2.1.1. Adaptación local para a comercialización dos produtos dunha explotación agraria en Bergondo. (L14-41100-29-277)**

Con data 30 de maio 2014 tense presentado a solicitude de axuda do Programa LEADER para o proxecto “Adaptación local para a comercialización dos produtos dunha explotación agraria en Bergondo”.

Este proxecto de carácter produtivo, promovido por José V. Grela Ramos consiste na adaptación dun local no Concello de Bergondo para almacenaxe e envasado dos produtos, tralo proceso de sementado, crecemento e recollida, tanto nos invernadoiros coma ao aire libre. A existencia deste local facilitaría que se puidera ampliar a produción incluíndo os produtos autóctonos como o tomate Negro de Santiago ou o repolo de Betanzos, centrándose na produción dos produtos que teñan máis saída ao mercado.

Os investimentos van dirixidos á obra civil (reforma adaptación local); á compra dunha balanza comercial e unha mesa de traballo. Con este proxecto o promotor adquire o compromiso de consolidar o seu propio emprego.

Ten cabida na medida 411, sendo un proxecto de carácter produtivo (Dinamización do sector agrario e forestal), do Réxime de Axudas do Programa Leader.

Os investimentos desta iniciativa ascenden a 3.609,91.- € (2.974,40.-€ sen IVE). O proxecto acadaría unha puntuación de 51,83 puntos o que daría lugar a unha porcentaxe de axuda do 35,92 % (1.068,40€) sobre un orzamento elixible de 2.974,40.-€

O xerente do Programa informa ós asistentes que se procederá a enviar o ICE para a súa verificación a AGADER.

### **2.1.2. Implantación plataforma dixital para persoas adultas con autismo de cara a súa inclusión socio dixital e prelaboral. (L14-41300-29-280)**

Con data 8 de xullo de 2014 tense presentado a solicitude de axuda do Programa Leader para o proxecto “Implantación plataforma dixital para persoas adultas con autismo de cara a súa inclusión sociodixital e prelaboral”.

A entidade promotora do proxecto é a Asociación de Pais e Nais de persoas con transtorno de espectro autista (T.E.A.) da provincia de A Coruña – ASPANAES que ten un centro na parroquia de Castelo (Concello de Culleredo). Con esta iniciativa de carácter non produtivo pretenden implantar unha plataforma dixital de xestión integral, que por unha banda, facilite o acceso das persoas adultas con autismo ás novas tecnoloxías e dotarlles de competencias e aprendizaxes que promovan a súa integración sociodixital e un itinerario prelaboral. Por outra banda, preténdese integrar aplicacións dos plans de desenvolvemento individuais das persoas con autismo e de xestión eficiente e de sustentabilidade medioambiental do centro.

Este proxecto é pioneiro no marco territorial do Concello de Culleredo e radio de acción do Centro de día pertecente a Aspanaes.

Os investimentos solicitados van dirixidos á compra da Plataforma Dixital (Aspanaes.net) e ao equipamento informático necesarios (ordenadores, monitores e tablet).

Ten cabida na medida 413 “Servizos para a economía e a poboación rural” (servizos de benestar social), do Réxime de Axudas do Programa Leader.

Os investimentos desta iniciativa ascenden a 20.770,99.- €. O proxecto acadaría unha puntuación de 49 puntos o que daría lugar a unha porcentaxe de axuda do 52,15 % (10.832,07.-€) sobre un orzamento elixible de 20.770,99.-€.

Este proxecto considerase non produtivo de prioridade alta.

O xerente do Programa informa ós asistentes que se procederá a enviar o ICE para a súa verificación a AGADER.

### **2.1.3. Creación de obradoiros para promover o desenvolvemento da autonomía persoal e facilitar a integración das persoas (L14-41300-29-281)**

Con data 8 de xullo de 2014 tense presentado a solicitude de axuda do Programa Leader para o proxecto “Creación de obradoiros para promover o desenvolvemento da autonomía persoal e facilitar a integración das persoas”. O promotor deste proxecto non produtivo é a asociación sen ánimo de lucro ASPACE, ubicada na parroquia de OSEDO, no Concello de Sada e que conta na actualidade cun centro para discapacitados.

O proxecto consiste na reordenación e mellora dos recintos existentes no edificio que ocupa esta entidade en Sada. As actuacións serían en tres ámbitos da planta baixa, que debido á obsolescencia

das instalación, con máis de 40 anos de intensa actividade, ou a perda de funcionalidade debida á apertura das novas instalación do complexo, fan oportuna a súa renovación o reconversión para novas actividades:

- Obradoiros para promover a aprendizaxe de diferentes actividades que poidan extrapolarse ao mercado laboral (biblioteca, pintura, radio, cafetería...).

Estos obradoiros terán con fin desenvolver actividades que poidan vincularse á inserción laboral, coas que as persoas con parálises cerebral poidan aumentar a súa autonomía, a xestión de recursos e o dominio de habilidades sociais.

Esta iniciativa tamén contempla incrementar a eficiencia enérxetica eliminando tres caldeiras de combustibles fósiles contaminantes para unificalas e dotar ao centro dun sistema mixto que incorpore sistemas solares, acumuladores e bombas de calor. Mellóranse os illamentos térmicos en teitos, paredes e chan elevándose e sendo así máis accesible.

As actuacións irán destinadas á obra civil das instalacións que albergarán os obradoiros previstos para os usuarios de Aspace.

Ten cabida na medida 413 “Servizos para a economía e a poboación rural” (servizos de benestar social), do Réxime de Axudas do Programa Leader.

Os investimentos desta iniciativa ascenden a 170.931,39.- €. O proxecto acadaría unha puntuación de 45 puntos o que daría lugar a unha porcentaxe de axuda do 47,49 % (81.175,32.-€) sobre un orzamento elixible de 170.931,39.-€.

O xerente do Programa informa ós asistentes que se procederá a enviar o ICE para a súa verificación a AGADER.

#### **2.1.4. Melloras empresa forestal en Vilcaboia (L14-41300-29-273)**

Con data 7 de agosto de 2014 tense presentado a solicitude de axuda do Programa Leader para o proxecto “Mellora empresa forestal en Vilcaboia”.

O promotor do proxecto é un mozo menor de 40 anos do Concello de Abegondo. É un autónomo con dous asalariados que se adica a traballos forestais e recollida de biomasa.

O promotor quere adquirir dúas máquinas (máquina procesadora e autocargador) co obxecto de ser máis eficiente na súa actividade.

Ten cabida na medida 413 “Diversificación da economía rural e mellora da calidade de vida”, do Réxime de Axudas do Programa Leader.

Os investimentos desta iniciativa ascenden a 388.410.- € (321.000.-€ sen IVE). O proxecto acadaría unha puntuación de 61,83 puntos o que daría lugar a unha porcentaxe de axuda do 40,91 % sobre un orzamento elixible de 321.000.-€.

A PORCENTAXE DE AXUDA SERÍA DO 35% , tope máximo dende o día 01/06/2014 na medida 413 de proxectos produtivos. A axuda máxima por proxecto é de 40.000 euros.

O xerente do Programa informa ós asistentes que se procederá a enviar o ICE para a súa verificación a AGADER.

#### **2.1.5. Posta en valor Parque Histórico “O Pasatempo”. (L14-41200-29-289)**

Con data 2 de setembro de 2014 tense presentado a solicitude de axuda do Programa Leader para o proxecto “Posta en valor parque histórico O Pasatempo”.

A entidade promotora do proxecto é o Concello de Betanzos. O parque “El pasatiempo” construído polos irmáns García Naveira no ano 1893 sitúase na actualidade no ámbito urbano da cidade de Betanzos. Este parque ten unha serie de características que o fan singular en relación a outros parques públicos da época.

Este proxecto consiste nun conxunto de actuacións encamiñadas á adaptación da urbanización do parque para dar acollida de forma sostible ás dinámicas actuais. O incremento da afluencia de público nestes últimos anos responde a un aumento de interese neste tipo de espazo o cal esixe a mellora das condicións de uso público nas zonas de maior intensidade de uso recreativo e de divulgación cultural e ambiental.

As actuacións previstas son a pavimentación de catros viais para conquistar uniformidade co resto do parque. Tarefas de implantación de céspede nas zonas axardinadas para mellorar o uso público.

Ten cabida na medida 412 “Mellora medioambiental e do contorno rural”, do Réxime de Axudas do Programa Leader.

Os investimentos desta iniciativa ascenden a 69.685,26.- € (57.591,13.-€ sen IVE). O proxecto acadaría unha puntuación de 59 puntos o que daría lugar a unha porcentaxe de axuda máxima do 50%).

O xerente do Programa informa ós asistentes que se procederá a enviar o ICE para a súa verificación a AGADER.

## **2.2 . INFORME PROXECTOS DENEGADOS POR AGADER**

### **2.2.1. Ampliación Viveiro Ártabro (L13-41100-29-0238)**

Con data 15 de abril de 2013 S.A.T.Viveiros Artabro Nº 851 Xuga solicita axuda para o expediente “L13-41100-29-228 Ampliación Viveiro Ártabro”.

Con data 03 de abril de 2014 solicitouse a Agader a verificación do informe de control de elixibilidade. Con data 17 de xullo de 2014 recibíuse de Agader a verificación desfavorable polo seguinte motivo:



*Os investimentos solicitados (pala cargadora e desbrozadora) polas súas características polivalentes poden ser utilizadas para calquera actividade agraria do viveiro e outras non agrarias e polo tanto non esta relacionada directamente coa recuperación de variedades tradicionais senón coa mellora de toda a produción agraria do viveiro.*

A Xunta Directiva acorda unha resolución desfavorable e que sexa remitida á Dirección Xeral de AGADER.

### **2.1.2. Empresa de recollida selectiva de roupa (L13-41300-29-0250)**

Con data 30 de agosto de 2013 INICITAIVA SOCIAL EMPRENDEDORA DE RECICLAJE TEXTIL solicita axuda para o expediente “L13-41300-29-250 EMPRESA RECOLLIDA SELECTIVA DE ROUPA”.

Con data 08 de abril de 2014 solicitouse a Agader a verificación do informe de cotrol de elixibilidade.

Con data 01 de outubro de 2014 recibíuse de Agader a verificación desfavorable polo seguinte motivo:

*Por incompatibilidade de axudas xa que os proxectos non se poden dividir en fases aínda que financien equipamentos distintos e a entidade xa ten concedida unha axuda do IGAPE que leva cofinanciamiento comunitario.*

A Xunta Directiva acorda unha resolución desfavorable e que sexa remitida á Dirección Xeral de AGADER.

### **2.3. SOLICITUDE INCREMENTO PORCENTAXE DE ASIGNACION DE FONDOS PARA PROXECTOS NON PRODUTIVOS**

Nas bases reguladoras para a selección de programas de desenvolvemento rural do Programa LEADER 2007-2013 especifícase que os fondos públicos destinados a proxectos non produtivos non poderá ser superior ao 25%, sen prexuízo de que Agader poida autorizar variacións nesta porcentaxe de ata o 35%.

Tendo como liñas de traballo neste ano 2014 proxectos dirixidos a mellorar o emprendemento e a inserción laboral, así como dinamizar a innovación no sector agroalimentario, e mellora ambiental entre outros, solicitouse a AGADER autorización para que o total de fondos públicos asignados á estratexia da Asociación para proxectos non produtivos puidese chegar, caso de ser necesario, ata un máximo do 30%.

Foi solicitado e actualmente está pendente de resposta de AGADER ratificando esta petición a Xunta Directiva, acordando esta distribución máxima do 30%.



## 2.4 TRASPASO DE FONDOS DA MEDIDA 411 Á MEDIDA 413

Co obxecto de comprometer toda a anualidade 2014 do Programa LEADER, non existindo proxectos executados con ICE favorable na Medida 411, a Xunta Directiva acorda solicitar a AGADER o traspaso de fondos á medida 413 por importe de 40.810€.

Acordan tamén que no ano 2015, estes fondos retornarían á medida 411, no caso de que existan proxectos a financiar.

## 2.5 INFORMACIÓN SOBRE OS FONDOS EXISTENTES DE PROXECTOS PRODUTIVOS E NON PRODUTIVOS.

A distribución de fondos para proxectos non produtivos aprobado por Agader e que se recolle no Plan Financeiro anos 2014-2015 e a seguinte:

<b>Fondos Proxectos non produtivos ano 2014:</b>	<b>Fondos utilizados na anualidade 2014</b>	<b>Resta</b>
Medida 412: 129.339,14.-€	Medida 412: 0.-€	129.339,14€
Medida 413: 86.226,09.-€	Medida 413: 65.179,24.-€	21.046,85€
<b>Total: 215.565,23.-€</b>	<b>Total: 65.179,24.-€</b>	<b>150.385,99.-€</b>

<b>Proxectos non produtivos ano 2015:</b>
Medida 412: 158.532,83.-€
Medida 413: 105.688,55.-€
<b>Total: 264.221,38.-€</b>

Se informa aos membros da Xunta Directiva que o excedente en fondos produtivos do ano 2014 (150.385,99€) foron comprometidos con proxectos produtivos, e que procederá a súa regularización no ano 2015, quedando a distribución dos fondos como se detalla a continuación:

<b>Proxectos non produtivos ano 2015 (REGULARIZADO):</b>
Medida 412: 287.871,97.-€
Medida 413: 126.735,40.-€
<b>Total: 414.607,37.-€</b>

Tendo en conta estas modificacións e o incremento ata o 30% dos proxectos non produtivos solicitado a AGADER (ver punto 2.3.), o Gasto público do Programa Leader na anualidade 2015 quedaría da seguinte maneira:

	<b>Tipo proxectos</b>	<b>Anualidade 2015</b>
<b>Medida 412</b>	Non produtivos	100.000,00
<b>Medida 411 e 413</b>	Produtivos	436.058,10
<b>Medida 413</b>	Non produtivos	520.827,43
<b>Total</b>		<b>1.056.885,53</b>

### 3. RESOLUCIÓN PROGRAMA INTEGRADO EMPREGO “BIOSFERA EMPRENDE”.

Con data 5 de agosto de 2014 ten entrado no rexistro do GDR Mariñas – Betanzos a resolución favorable da solicitude de subvención presentada para a posta en práctica de programas integrados de emprego en Galicia durante os anos 2014-2015, presentada ao abeiro da Orde do 23 de decembro de 2013.

Denominación do Programa: Biosfera – Emprega

Ámbito territorial: Abegondo, Aranga, Arteixo, Bergondo, Betanzos, Cambre, Carral, Coirós, A Coruña, Curtis, Culleredo, Irixoa, Miño, Oleiros, Oza-Cesuras, Paderne, Sada e Sobrado.

Número de participantes: 75 persoas

Total Custo do proxecto: 118.191,76€ Subvención: 100.463,00€

2014: 44.650,00€ (cofinanciación 7.879,45€)

2015: 55.813,00€ (cofinanciación 9.849,31€)

Desenvolvemento do Programa: outubro 2014 a xullo de 2015

O xerente do Programa informa aos asistentes que actualmente estase co proceso de selección das persoas participantes, realizando un primeiro sondeo o día 6 de outubro estando previsto un segundo sondeo para o 20 de outubro. Comezaríase o Programa a primeiros de novembro.

### 4. PLAN AGROALIMENTARIO “MARIÑAS CORUÑESAS E TERRAS DO MANDEO”.

A continuación Miguel Fernández, Técnico de Proxectos explica aos asistentes a través dun Powerpoint en que consiste o Plan Agroalimentario.

O proxecto pretende, co apoio da Fundación Biodiversidade e do Programa LEADER, o desenvolvemento dunha estratexia alimentaria na Reserva que estimule a produción, transformación e consumo de produtos locais, coa posibilidade da súa posta en valor a través da Marca de Calidade “Reserva da Biosfera” que axude a desenvolver os circuítos curto como estratexia de comercialización.

**Obxectivo xeral:** Diseñar de forma participativa un Plan Alimentario para a Reserva da Biosfera “Mariñas Coruñesas e Terras do Mandeo”, baseado na conservación da biodiversidade, o fomento do consumo responsable e do emprego verde.

### Obxectivos específicos:

1. Mellorar a gobernanza no Sistema Alimentario, xerando alianzas entre os axentes involucrados.
2. Diseñar unha estratexia de mobilización de terras abandonadas para adicar á produción.
3. Animar a incorporación de novos produtores/as en ecolóxico.
4. Impulsar a comercialización agroalimentaria en canles curtas.
5. Fomentar o consumo responsable de produtos locais asociados á Marca “Reserva da Biosfera”.

### Cronogramas actuacións:

MEDIOS PROPIOS DA ASOCIACIÓN	ASISTENCIA TÉCNICA EXTERNA (USC)
1. Constitución da Comisión Técnica do Sistema Alimentario e reunións de traballo (2014-2015)	2. Diagnóstico do Sistema Alimentario actual (2014)
3. Desenvolvemento do Plan Alimentario da Reserva	4.1. Elaboración mapa con orientacións produtivas de cultivos tradicionais: mazá, castiñeiro, horta, cereais, lúpulo, viño. (2014) 4.2. Identificación de Bolsa de Terras da Reserva (2015) 4.3. Espazo web para consulta de Bolsa de Terras (2015)
5. Deseño dun protocolo de itinerarios inserción emprego-verde (2015)	
6. Negociación acordos entre produtores e distribuidores e consumidores identificados e sinatura de compromisos de compra de produtores locais. (2015)	
7. Elaboración de menús ecolóxicos para centros escolares (2015)	
8. Difusión, sensibilización e comunicación: (2014-2015) 8.1. Nota de prensa e rolda de prensa presentación do proxecto. 8.2. Xestión dos contidos do espazo web do proxecto. Difusión prensa local. 8.3. Xornada de sensibilización sobre alimentación e saúde (2015) 8.4. Seminario de presentación do Plan Estratéxico e sinatura de compromiso dos axentes implicados (2015)	

## 5. PROPOSTA E APROBACIÓN SE PROCEDE DE ADHESIÓN DE NOVOS SOCIOS E ADSCRICIÓN Á MESA SECTORIAL CORRESPONDENTE.

### 5.1. ASOCIACIÓN DE CUSTODIA DO PATRIMONIO CULTURAL “VEDOREIRA”

Con data 4 de xullo de 2014 ten entrado no rexistro da Asociación “Mariñas – Betanzos” solicitude da Asociación de Custodia do Patrimonio Cultural Vedoreira entidade constituída o 25 de abril de 2013.

Os fins principais desta Asociación con domicilio social en Paderne, son custodiar, promover, investigar, inventariar e defender o patrimonio cultural, material e inmaterial de Galicia e moi especialmente o da Reserva da Biosfera Mariñas Coruñesas e Terras do Mandeo na provincia de A Coruña. Impulsar, promover e fomentar o voluntariado, o cooperativismo e o asociacionismo como ferramentas de participación, desenvolvemento e sensibilización da sociedade galega.

Compróbase que ten entregada toda a documentación requirida e que está en regra.

MESA SECTORIAL PROPOSTA: ASOCIACIONES E ENTIDADES CULTURAIS, RECREATIVAS, DEPORTIVAS, ANPAS.

A Xunta Directiva acorda a inclusión como socio da entidade co número 130, na mesa sectorial de Asociacións e entidades culturais, recreativas, deportivas, ANPAS.

## **6. INFORME XORNADAS, SEMINARIOS E REUNIÓNS DESENVOLVIDAS.**

A continuación o Xerente toma a palabra, e informa aos asistentes das últimas actividades desenvolvidas dende a Asociación Mariñas – Betanzos.

### **6.1. XORNADA TÉCNICA: OS EQUIPAMENTOS DE EDUCACIÓN AMBIENTAL NO PLAN DE ACCION DA RESERVA DA BIOSFERA MCeTM.**

O día 29 de xullo de 2014, celebrouse esta xornada de traballo no Castelo de Santa Cruz, no que participaron representantes medioambientais dos concellos da Reserva; empresas ambientais e técnicos do CEIDA. Contouse coa participación de Antonio Sandoval Rey, experto en comunicación ambiental.

O obxecto desta xuntanza era buscar estratexias de colaboración para os seguintes equipamentos:

- Aula da Natureza de Crendes (Abegondo)
- Aula de Natureza Muíño Vello (Arteixo)
- Aula de Natureza do Río Chelo (Coirós)
- Centro de Formación e interpretación dos valores etnográficos do Río Mandeo (Curtis)
- Aula do Mar-Centro de Visitantes do Monumento Natural Costa Dexo-Serantes (Oleiros)
- Centro de Extensión Universitaria e Divulgación Ambiental de Galicia – CEIDA (Oleiros)

Entre os problemas máis xerais detectados nestas instalacións destacar a sinalización deficitaria,; problema nos autoguiados, en moitos casos debido á rotura de carteis, falta promoción conxunta (ofertas e rutas turísticas); darlles contidos aos centros; accesibilidade aos centros.... entre outros.

### **6.2. II MOSTRA DE VIÑOS E PRODUTOS DAS MARIÑAS NA RESERVA DA BIOSFERA MCe TM**

Os días 9 e 10 de agosto celebrouse en Betanzos a II Mostra de Viños e Produtos das Mariñas organizada polo Concello de Betanzos coa colaboración da Asociación de Desenvolvemento Rural Mariñas – Betanzos, á que acudiron numerosas persoas que tiveron a oportunidade de coñecer e degustar as variedades autóctonas do territorio que presentaron unha veintena de produtores locais, así como o “Viño da Terra de Betanzos”, que ofreceron as seis adegas inscritas a esta denominación. Paralelamente desenvolveronse distintas actividades.

Este ano como novidade se puxeron á venda bonos a prezos moi asequibles para que o público asistente degustara os viños e os diferentes pinchos elaborados con produtos autóctonos.

### **6.3. II MERCADO DE SEGUNDA MAN E TROCO DE ABEGONDO.**

O Concello de Abegondo coa colaboración do GDR Mariñas Betanzos celebrou a segunda edición deste mercado de segunda man e troco o día 14 de setembro no campo da feira de Abegondo.

Neste espazo, tamén se levou a cabo un *Mercado agroalimentario* con algúns dos produtores do ámbito xeográfico da Reserva de Biosfera “*Mariñas Coruñesas e Terras do Mandeo*”.

### **6.4. XORNADA A RESERVA DA BIOSFERA MCeTM: UNHA FERRAMENTA PARA PROMOVER O EMPRENDEMENTO NO MEDIO RURAL.**

A Asociación Mariñas – Betanzos en colaboración co Concello de Carral organizaron esta xornada que se celebrou na Casa da Cultura do Concello de Carral o día 24 de setembro. O obxectivo desta xornada era dar a coñecer o Plan de Xestión da Reserva da Biosfera Mariñas Coruñesas e Terras do Mandeo, así como o Programa Integrado de Emprego “Biosfera-Emprega”, na busca de persoas interesadas no Programa.

### **6.5. XORNADA OPORTUNIDADES DE EMPRENDEMENTO RURAL: A PRODUCCIÓN DE HORTA E FLOR.**

A Asociación Mariñas – Betanzos xunto co Concello de Paderne organizaron esta xornada que se celebrou o 25 de setembro na Casa do Concello de Paderne. Diseñada co obxectivo de identificar as oportunidades que representan as producións hortícolas e de flor para a xeración de iniciativas de emprendemento, ligadas a posta en valor das terras agrarias abandonadas.

### **6.6. III SEMANA DE CUSTODIA DO TERRITORIO NAS MARIÑAS CORUÑESAS E TERRAS DO MANDEO.**

Organizada pola Fundación Fragas do Mandeo coa colaboración do GDR Mariñas – Betanzos entre os días 20 e 28 de setembro de 2014, co obxectivo de fomentar as iniciativas de protección do territorio desenvóléronse conferencias e accións de voluntariado ambiental.

### **6.7. XORNADA: A QUÉ SABE A BIOSFERA?**

Esta xornada formativa organizada polo CEIDA coa colaboración do GDR Mariñas - Betanzos pretendía ofrecer datos concretos e relevantes e concibiuse como unha actividade práctica de coñecemento da Reserva da Biosfera Mariñas Coruñesas e Terras do Mandeo, e do futuro plan de xestión da mesma.

Para isto esta actividade que se celebrou o día 30 de setembro na Aula do Mar (Concello de Oleiros) conxugou a súa realización nunha das zonas declaradas "zonas núcleo" da Reserva, cunha mostra e pequena degustación de produtos locais susceptibles de incorporarse á futura marca de calidade.

O obxectivo final era trasladar información aos profesionais dos medios de comunicación sobre a Reserva da Biosfera dende unha óptica de optimismo e de oportunidade, presentando iniciativas e proxectos ligados ao desenvolvemento sostible e á conservación ambiental no territorio, co fin de que poideran ser trasladados polos medios á sociedade.

## **6.8. SEMINARIO EMPRESAS SOCIAIS NA REDE ESPAÑOLA DE RESERVAS DE BIOSFERA.**

Dende o ano 1999 o CENEAM ten posto en marcha un Programa de Seminarios que facilita espazos de encontro estables a profesionais de distintos sectores do medio ambiente para o intercambio de ideas e experiencias, o debate sobre métodos de traballo efectivos ou a colaboración profesional.

Persoal técnico da Asociación Mariñas – Betanzos, entidade xestora da Reserva da Biosfera desprazáronse os días 1, 2 e 3 de outubro a Segovia ao Seminario “Empresas Sociais na Rede Española de Reservas de Biosfera” co que se pretendía:

- Dar a coñecer o documento marco internacional de empresas sociais en Reservas de Biosfera.
- Analizar o papel activo das iniciativas económicas locais de carácter social na conservación e o desenvolvemento dos espazos naturais e RRBB.
- Mostrar e avaliar experiencias significativas en empresa social, desenvolvemento rural e participación nos ámbitos establecidos.
- Definir o papel das Reservas de Biosfera como canalizadoras de iniciativas sociais e económicas de desenvolvemento sostible e xestión do territorio.
- Ofrecer ferramentas de apoio, seguimento e dinamización de iniciativas emprendedoras de carácter social e ambiental nos espazos naturais e o medio rural en xeral.
- Establecer un plan de acción específico para as Rede Española de Reservas da Biosfera para a súa incorporación no desenvolvemento da estratexia marco internacional de empresa social nas reservas de biosfera.

## **6.9. XORNADA SOBRE A ESPECIE DO ANO : O GATO BRAVO EN GALICIA.**

O gato bravo (*Felis sylvestris*) é unha especie presente en Galicia, pero da que non hai moita información publicada. Por iso, é necesario actualizar o coñecemento sobre a súa distribución e abundancia, ademais de realizar unha aproximación á súa presenza histórica na comunidade. Por este motivo, o gato bravo foi escollido como Especie do Ano 2014 na recentemente creada Reserva de Biosfera Mariñas Coruñesas e Terras do Mandeo (MCeTM), grazas á colaboración do Grupo de Desenvolvemento Rural As Mariñas Betanzos, da propia Reserva e do Grupo Naturalista Hábitat.

Organizada polo Grupo Naturalista Habitat coa colaboración do GDR Mariñas – Betanzos, o día 4 de outubro de 2014 celebrouse esta xornada no Forum Metropolitano de A Coruña, co obxecto de dar a coñecer esta especie.

## 7. INFORME PROXECTOS PRESENTADOS.

O xerente toma a palabra para informar do estado de dous proxectos presentados a diferentes convocatorias:

### 7.1. EUROPEAN LOCAL FOOD NETWORK (Red Europea de Alimentación Local). “YOUFOOD”

Convocatoria: Europa para os cidadáns 2014. Capítulo 2: Compromiso democrático e participación cidadana. Redes de cidades.

Este proxecto foi solicitado a 1 de setembro de 2014. (Revisión do proxecto SELFOOD denegado na primeira convocatoria de xuño de 2014)

Importe solicitado: 105.000 euros (axuda 100%)

Socios do proxecto: Sligo Leader Partnership Co LTD (IRELAND); Gobierno de la Rioja (RESERVA DE LA BIOSFERA DE LA RIOJA, ESPAÑA); Hiumaacooperation Network LAG (RESERVA DE LA BIOSFERA “WEST ESTONIAN ISLANDS, ESTONIA); CSERHÁTALIA (KOZARD-NOGRAD, HUNGRÍA); ALYTUS LAG (LITHUANIA)

Obxectivos do proxecto: Aumentar a conciencia dos cidadáns europeos sobre a importancia dos sistemas alimentarios locais para o desenvolvemento sostible da sociedade europea. Facer aos cidadáns europeos partícipes nun proceso de concienciación sobre a importancia da produción e o consumo sostible. Reforzar a importancia da Política Agraria Común para a calidade, seguridade e trazabilidade dos alimentos.

Obxetivos específicos:

- a. Promover e sensibilizar sobre a importancia da produción local e consumo sostible e súa relación con terra, patrimonio, historia, medioambiente e saúde.
- b. Involucrar as autoridades locais para facilitar a conexión de estratexias de planificación local co desenvolvemento de sistemas alimentarios locais sostibles.
- c. Aumentar o coñecemento dos obxectivos, métodos e ferramentas para o desenvolvemento dun sistema alimentario local sostible, a fin de mellorar a estratexia europea baseada no intercambio de coñecementos ea participación das partes interesadas.
- d. Reforzar a importancia da Política Agraria Común (PAC) e o programa Leader e as súas estratexias específicas para el desenvolvemento de Sistemas alimentario Locais.

Proxecto pendente de resolución.

### 7.2. RESOLUCIÓN PROXECTO ERASMUS+: “EMPOWERING RURAL AREAS BY BUILDING CAPACITIES OF INNOVACIÓN AGENTS –ERACIA-”.

Con data 25 de setembro tense publicado a Resolución da Dirección do Organismo Autónomo Programas Educativos Europeos (APEE) pola que se aproban os listados de solicitudes seleccionadas para financiamento, desestimadas, en lista de espera e non elixibles de Asociacións Estratéxicas no campo da Educación Escolar, sector Asociacións Estratéxicas, correspondente á Convocatoria do Programa Erasmus+2014.



Segundo esta resolución a Asociación Mariñas – Betanzos, o proxecto ERACIA presentado o 30 de abril de 2014, está na lista de **proxectos desestimados** pola causa 1 (non superar un ou varios umbrais na avaliación da calidade).

## **8. PRESENTACIÓN DOCUMENTO “GUIA PARA A ORGANIZACIÓN DE XORNADAS NA RESERVA DA BIOSFERA MCeTM”.**

Preséntase aos membros da Xunta Directiva este documento (que previamente se enviou como arquivo anexo coa convocatoria da Xunta Directiva), que ten como obxectivos principais:

- Elaborar as pautas básicas que deben rexer para organizar unha xornada dentro do territorio “Mariñas – Betanzos”.
- Establecer unha canle de comunicación entre o Equipo Técnico da Asociación, coas Asociacións organizadoras, entidades colaboradoras (comunicación fluída entre as entidades organizadoras da xornada).
- Mostrar unha imaxe común da Reserva da Biosfera Mariñas Coruñesas e Terras do Mandeo para tódalas actividades.

Tódalas entidades/asociacións interesadas en organizar unha xornada/evento dentro do territorio da Reserva da Biosfera Mariñas Coruñesas e Terras do Mandeo e que queiran contar coa colaboración/apoio do GDR Mariñas – Betanzos, deberán seguir as recomendacións recollidas nesta Guía.

En primeiro lugar se toma lectura dun correo electrónico que mandou a representante de Roxín Roxal, Sabela Iglesias, onde pide disculpas pola ausencia a esta reunión por unha situación de enfermidade familiar e a continuación quere suxerir en relación a este documento *“Dende Roxín Roxal consideramos que si ben é certo que un protocolo para o desenvolvemento de xornadas ou outras actividades culturais no ámbito da Reserva, podería ser unha ferramenta útil, o exceso de normativización e burocratización pode ser unha eiva. Nesta guía vemos que hai exceso tanto de normas, como de representación institucional, que dificultaran o diálogo entre o tecido sociocultural e os órganos de xestión da Reserva. Cremos que a sociedade civil é a que debe elaborar propostas e que corresponde aos xestores do público facilitar este diálogo”.*

Despois dun amplo debate entre os asistentes, o xerente toma a palabra para aclarar que este documento é unha ferramenta común, co obxecto de que se sigan as mesmas pautas con todas as entidades colaboradoras, que dende o Equipo Técnico a parte institucional se considera que nas xornadas debería convidarse a abrir e/ou pechar as xornadas, como mínimo un representante do Concello onde se realiza a xornada, o Presidente/Vicepresidente de “Mariñas – Betanzos” ou persoa en que delegue e un representante de mesa sectorial (dependendo da temática) de Xunta Directiva. Por último informa que é un documento “vivo” aberto a suxestións por parte dos membros da Xunta Directiva.

Ao respecto deste documento, o representante da Sociedade Galega de Historia Natural quere facer as seguintes puntualizacións:

1. Considera que no punto 3 (previo á xornada/evento), no apartado do Comité Técnico Organizador, debería aparecer “o reparto das tarefas en colaboración coa entidade colaboradora”.
2. Que dende a Asociación “Mariñas – Betanzos” debería darse máis importancia á difusión nos medios de comunicación, adicando na medida do posible orzamento destinado para estes fins. Incidir máis na publicidade e difusión das mesmas.
3. Tamén pide que no punto 7 do apartado 5 (difusión. Estratexia comunicación e promoción) debería poñerse aparte de “anuncios en revistas especializadas”, “anuncios en prensa”, aínda que sería moi semellante e dependería do orzamento dispoñible.

A Xunta Directiva acorda que se teña en conta o anteriormente exposto e se inclúa no documento como mellora, quedando aprobado.

## **9. PLAN DE XESTIÓN RESERVA BIOSFERA MCeTM.**

O Xerente informa aos asistentes que xunto coa convocatoria foi enviada a proposta V3 do Plan de Xestión.

O representante da Sociedade Galega de Historia Natural, Juan Neira, pide que se envíe por correo electrónico o organigrama actual do Consello de Dirección e do Comité Executivo; así como o Plan de traballo de cara a fin de ano.

Catalina Rodríguez, de Amfar Cambre pide que se incorpore na páxina 15 do Plan de Xestión, dentro da Campaña de Divulgación “Día Internacional da muller” (8 de marzo).

A representante da Asociación Roxin Roxal, Sabela Pérez, ao respecto deste punto, pide que quede constancia do seguinte *“Propuxemos na xuntanza anterior a necesidade de que haxa unha boa transferencia de información entre os distintos comités que integran o ente xestor da reserva. Seguimos incidindo nesta cuestión.”*

A Xunta Directiva aproba esta proposta coas incorporacións mencionadas anteriormente.

## **10. PROGRAMA EDUCACIÓN AMBIENTAL, COMUNICACIÓN E PARTICIPACIÓN PÚBLICA.**

O Xerente explica aos asistentes que con este documento preténdese impulsar o compromiso da Reserva de Biosfera coa difusión dos valores que este territorio acolle, así como dispoñer dunha ferramenta na que vertebrar actividades que se realizan no territorio da Reserva, no eido ambiental en sentido amplo. Trátase de que sexa un instrumento de participación pública, no que a poboación local interactúe, e que en definitiva, sirva para dar a coñecer a Reserva da Biosfera.

Obxectivos do Programa:

1. Integrar nun mesmo Programa actividades no eido ambiental que se ofrezan de maneira estable, polas distintas institucións e colectivos do ámbito xeográfico da Reserva.
2. Difundir os valores da Reserva e fomentar a educación e sensibilización medioambiental nos centros educativos.
3. Fomentar a colaboración entre axentes, establecendo un Programa de actividades conxunto coordinado.
4. Animar á participación pública no eido da Reserva de Biosfera e establecer unha nova canle de cooperación, co fin de fomentar sinerxías e lograr un desenvolvemento socioeconómico deste territorio.

A Xunta Directiva aproba a primeira versión deste documento, á espera do envío de novas propostas de asociacións, concellos e demais entidades que queiran participar.

## 11. CREACIÓN REDE GALEGA DE RESERVAS DE BIOSFERA

O Xerente toma a palabra para informar que o día 16 de setembro de 2014 celebrouse na Casa do Concello de Allariz unha reunión entre as 6 Reservas de Biosfera Galegas: Allariz; Mariñas Coruñesas e Terras do Mandeo; Ancares lucenses e montes de Navia, Cervantes e Becerreá; Río Eo, Oscos e Terras de Bourón; Terras do Miño e Xurés-Gerês. O obxecto principal desta reunión era crear unha Rede Galega de Reservas de Biosfera.

Para elo téñense redactado un borrador de Estatutos que se enviaron ás seis entidades, e que foi enviado a todos os membros da Xunta Directiva como documento anexo á convocatoria. Para participar nesta Rede cada entidade deberá levar o acordo de pertenza a Rede Galega de Reservas de Biosfera aprobado polo órgano correspondente da súa entidade.

O xerente informa aos asistentes que a sede social proposta para esta Rede Galega sería o Castelo de Santa Cruz en Oleiros (sede do Centro de Divulgación Ambiental de Galicia – Ceida).

José Francisco Castro Vilariño, pregunta quen sería a persoa que representaría á Reserva da Biosfera nesta Rede Galega, ao que lle responde o Xerente que sería o Presidente do Consello de Dirección.

Tamén recomenda que sería interesante poder incorporar aos Estatutos no artigo 5: “Os órganos unipersonais que representen a cada Reserva, serán o representante ordinario ou a persoa elixida polo órgano de xestión; non podendo recaer na mesma persoa. **Asistirán ás reunións os Xestores de cada Reserva, con voz pero sen voto, acompañando ao representante.**”

A Xunta Directiva trasladará esta proposta ao resto de Reservas, co obxecto de constituírse antes de que remate este ano 2014.

## 12. OUTROS (ROGOS E PREGUNTAS).

Lois Anxo Ferreiro, representante de Cultura de Aberta de Carral pregunta para cando estaría prevista a elección dos órganos de xestión, ao que lle responde o Xerente que o Consello de Dirección e o Comité Executivo xa foron elixidos en xullo de 2013. Envíarase un documento-resumo a todos os membros da Xunta Directiva para ver a situación dos órganos de xestión e as actividades desenvolvidas ata a data actual. Informa que nas Mesas sectoriais, despois da renovación da Xunta Directiva de Mariñas – Betanzos, poderían variar os representantes de cada Mesa.

Ricardo Ferreiro, do Grupo Naturalista Habitat, ten un rogo e dúas preguntas: Como rogo pide que se solicite ao Concello de Betanzos copia en formato dixital ou papel do Proxecto “Paseo Fluvial dos Caneiros” co obxecto de poder trasladalo á mesa de asociacións e entidades ambientais de “Mariñas – Betanzos”. A Xunta Directiva acorda trasladar a petición ao Concello de Betanzos.

Ricardo Ferreiro, pregunta sobre o estado actual do Comité Científico da Reserva, ao que o Xerente responde que actualmente hai sobre 10 persoas, pendente de incorporar varias mulleres, tal como se acordou en reunións anteriores, estando pendente de trasladar ao Consello de Dirección a configuración final deste Comité.

Por último pregunta, con respecto aos proxectos LEADER cando se valoran as iniciativas en canto a “mellora ambiental” na medida 412, se hai unha definición obxectiva común para valorar estes proxectos. O xerente do Programa LEADER resposta que se valoran segundo o que se recolle no Réxime de axudas do Programa LEADER, e que serían encaixables na medida 412.

### 12.2. CONVOCATORIA DE AXUDAS DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA, DE PROGRAMAS DIRIXIDOS A ENTIDADES PARA ACTIVIDADES E INVESTIMENTOS DE PROMOCIÓN ECONÓMICA DURANTE O ANO 2015.

Este mes de novembro de 2014, está previsto que se publique no BOP a convocatoria de axudas da Deputación Provincial da Coruña de programas dirixidos a entidades para actividades e investimentos de promoción económica do ano 2015. Por tal motivo, a Xunta Directiva autoriza ao equipo técnico a preparar unha solicitude para esta convocatoria que será informada debidamente na vindeira reunión de Xunta Directiva, delegando no presidente da Asociación Mariñas-Betanzos, Don José Antonio Santiso Miramontes o seu desenvolvemento e sinatura, así como en Dona Catalina Rodríguez Rodríguez, Secretaria da Asociación.

Non se producen máis intervencións dándose por rematada a reunión ás 20.50 horas.

En Abegondo, a 13 de outubro de 2014

A Secretaria

Vº e prace Presidencia accidental

Asdo.: Dna. Catalina Rodríguez Rodríguez

Asdo.: Dna. Aida Pérez Barredo

Acta da reunión ordinaria da Xunta directiva do 13 de outubro de 2014

Páxina 19 de 19